

ESCOLA MUNICIPAL DE XADREZ
CONCELLERÍA DE XUVENTUDE

A Escola Municipal de Xadrez do Concello de Soutomaior remata a súa actividade ata o comezo do vindeiro curso no mes de Outubro. Na actualidade a escola conta con 16 persoas inscritas entre os 6 e os 11 anos.

Ademais, das actividades formativas que todos os luns se realizan no centro Multiusos en Arcade, a Concellería de Xuventude fomenta a participación do alumnado en diversas actividades lúdicas relacionadas co mundo do Xadrez coa finalidade de que o alumnado coñeza a outras persoas ás que tamén lles gusta xogar ao xadrez e pasen un bo rato aprendendo xunto a elas e tamén fomentar a participación nos campionatos que se van realizando na xeografía galega.

Exemplo disto, é que coincidindo co remate deste curso, algunha das persoas inscritas na Escola Municipal participaron no II Campionato Pontexadrez celebrado en Pontevedra o 28 de maio de 2011 celebrado na praza da Ferrería en Pontevedra. Participaron máis de 500 participantes entre os cales estaban os nosos alumnos/as. Resaltar que esta xornada foi SOLIDARIA, iniciativa feita pola Escola de Xadrez de Pontevedra que quixo colaborar co comedor San Francisco, pedindo a todos os participantes unha inscrición voluntaria dun Quilo de alimentos non perecedoiros. Ao final dos dous días recadáronse máis de 400 Quilos para a ONG.

O II PonteXadrez disputado do sábado 28, é un torneo pertencente ao VIN Circuito Escolar Galego, circuito que percorre toda Galicia e está formado por 16 torneos. Nesta segunda edición a EXP apostou polo crecemento do torneo, mellorando o servizo para os participantes, incluíndo unha "Exposición sobre o xadrez", da cal puido gozar toda aquela persoa que ao longo do día pasou pola Ferrería.

A participación foi de 300 xogadores/as vidos de todos as partes de Galicia e do norte de Portugal. O torneo dividiuse en cinco categorías (Sub 8, Sub 10, Sub 12, Sub 14 e Sub 16). Destacar o alto nivel de combatividade entre os que estaban todos os campións e campionas galegas.

A xornada rematou cun sorteo de agasallos entre todos os participantes para pechar un día estupendo no que todos os mozos /as participantes divertíronse e gozaron do xadrez.

